

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

ILUSTRACIÓN: LAURA MAHÍA

Cidade Imaxinaria

5 SET



Gaiás, Cidade
da Cultura

De 17:00 a 20:00 h.
Entrada de balde

Máis información
en cidadedacultura.gal



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo
2027



A Cidade da Cultura convértese na Cidade Imaxinaria!

Unha tarde de sábado para reencontrarse tras as vacacións por todo o alto. Quince propostas que inclúen espectáculos de pista, pasarrúas, zonas de xogos, instalacións e obradoiros de compañías maioritariamente galegas, mais tamén con outras de lugares como Cataluña, Asturias e Portugal.

Tres espectáculos de pista con varios pases entre os que atopamos acrobacias, maxia, circo clásico e danza.

Dous pasarrúas para descubrir unha casa sobre rodas e gozar da mellor música.

Catro zonas de xogo e actividades nas que converterte nun grande artista de circo, descubrir xogos tradicionais que fomentan a igualdade, aprender que se poden crear grandes xogos con materiais reciclados e un espazo sensorial para bebés.

Horarios

	17 h	18 h	19 h	20 h
Ghop!				
Mahara				
La crisis de la imaginación				
Espazo sensorial Para bebés				
Escolliña de circo*				
Xogos tradicionais				
La danza del metal				
A caravana				
Femfarria				
	17 h	18 h	19 h	20 h

(*) : Última quenda ás 19.30

- En caso de condicións meteorolóxicas adversas, consultar as redes sociais da Cidade da Cultura
- A programación pode estar suxeita a cambios

Mapa



Bus



Cafetería



Información

Área
descanso

WC

Espazo
gastronómicoServizo
sanitario

• En caso de condicións meteorolóxicas adversas, consultar as redes sociais da Cidade da Cultura
• A programación pode estar suxeita a cambios

ESPECTÁCULOS DE PISTA

01 Ghop!

TEATRO O CUBO (GALICIA)

Praza Central

De 18.00 a 19.00 h

Espectáculo que recupera a estética dos antigos circos ambulantes con tres protagonistas que combinan malabares, monicreques, acrobacias e maxia nunha proposta participativa e chea de humor.

02 Mahara

BUCRAÁ CIRCUS (CATALUÑA)

Praza Central

De 17.00 a 17.45 h e de 19.15 a 20.00 h

Unha proposta de clown sobre a soidade e a perda da memoria, no que un personaxe atrapado nunha rutina absurda intenta capear o temporal nunha casa que cobra vida propia, acompañado polas súas pantasma e un vello papagaio que nunca responde.

03 La crisis de la imaginación

RAUXA (CATALUÑA)

Auditorio do Xardín do Teatro

De 17.00 a 17.30 e de 18.45 a 19.15 h

Espectáculo de circo contemporáneo, danza e monicreques surrealistas no que dous personaxes se mergullan nun mundo onírico e traxicómico tras unha inesperada crise da imaxinación. A través do movemento corporal, a peza explora os límites entre o posible e o imposible e o poder da imaxinación para transformar a realidade.

ZONA DE XOGOS E ACTIVIDADES

De 17.00 a 20.00 h

04 Espazo sensorial para bebés

RISOTADAS (GALICIA)

Sala Eisenman

Espazo para a exploración da cativada de 0 a 3 anos mediante estímulos visuais, sonoros e táctiles que fomentan a curiosidade dende os primeiros meses.

05 Escoliña de circo

PISTACATRO (GALICIA)

Soportais CEM / Biblioteca

Un obradoiro para indagar os talentos e as habilidades circenses da cativada en familia.

06 Xogos tradicionais

SORORAS (GALICIA)

Xardín Literario

Espazo de xogos tradicionais para fomentar a creación e a aprendizaxe en igualdade. Un espazo de diversión para a cativada ao longo de toda a xornada.

07 La danza del metal

LÎLA, JUEGOS RECICLADOS Y CIRCO (CATALUÑA)

Parque da Balea

Instalación de xogos para toda a familia creada a partir de obxectos reciclados e materiais recuperados. Quince xogos artesanais e un carrusel de pedais convidan a explorar, xogar e descubrir novas formas de divertirse con pezas tan sinxelas como bidóns, potas ou estruturas de ferro.

ESPECTÁCULOS ITINERANTES

A caravana

PROJETO EZ (PORTUGAL)

De 17.00 a 17.50 h e de 19.00 h a 19.50 h

Experiencia de rúa que converte unha casa sobre rodas nun espazo de xogo e exploración, convidando ao público a percorrer as súas estancias, sentarse, xogar e formar parte activa dunha aventura itinerante chea de detalles e estímulos sensoriais.

FemFarria

FEMFARRIA ASTURIES COMBO

De 17.30 a 18.15 h e de 19.00 a 19.45 h

Proposta musical itinerante na que un grupo de mulleres artistas leva o ritmo e o humor ás rúas, mesturando música en directo, participación e moitas sorpresas.